

Bos días familias,

Poñémonos en contacto con vós para enviarnos máis traballo para estes días.

Son dous caderniños de repaso do 2º trimestre (un de lingua castelá e outro de matemáticas) ademais de 10 lecturas con preguntas de comprensión.

- No caderno de lingua algunhas lecturas xa as fixemos na clase, así que non teñen que volvelas a facer; por iso vos mandamos unhas fichas de lecturas a maiores. Outras tarefas que poden facer na casa son pequenos ditados que poden acompañar dun debuxo, escribir palabras que empecen por unha letra determinada, escribir substantivos e dicir se son masculinos ou femininos, singular ou plural... Recordade tamén que é moi importante facer un pouquiño de lectura tódolos días.
- En canto a matemáticas tamén vos engadimos un caderniño e teñen que repasar as tablas que demos ata o de agora.

Pedímosvos que vaian repartindo o traballo e que non fagan cada día máis de dúas cariñas de lingua e dúas de matemáticas.

Un saúdo

As mestras de 2º A e 2ºB